BOP DEPUTACIÓN DE LUGO

MARTES, 24 DE NOVEMBRO DE 2026 N.º 270

boletin@deputacionlugo.org
www.deputacionlugo.gal

Dep. Legal: LU-1-1968

Administración: San Marcos, 8 - 27001 Lugo
Tel.: 982 260 124/25/26 - Fax: 982 260 205

GOBERNO DE ESPAÑA

DELEGACIÓN DO GOBERNO EN GALICIA. ÁREA DE INDUSTRIA E ENERXÍA

Anuncio

Corrección de errores del Anuncio del Área Funcional de Industria y Energía de la Subdelegación del Gobierno en A Coruña, por el que se somete, al trámite de Información Pública (IP), la solicitud de autorización administrativa previa (AAP) y el estudio de impacto ambiental (EsIA) del parque eólico «Bátega», de 36 MW de potencia instalada, para su hibridación con la central hidroeléctrica «Belesar-Grupo 3», y de una parte de su infraestructura de evacuación asociada, en los términos municipales de Carballedo y Chantada, en la provincia de Lugo. Referencia del expediente: CHidr-070-EoI.

Con fecha 11 de noviembre de 2026 y número 281, se publicó en el Boletín Oficial del Estado (BOE) el Anuncio de 19 de octubre de 2026, del Área Funcional de Industria y Energía de la Subdelegación del Gobierno en A Coruña, por el que se somete, al trámite de Información Pública (IP), la solicitud de autorización administrativa previa (AAP) y el estudio de impacto ambiental (EsIA) del parque eólico «Bátega», de 36 MW de potencia instalada, para su hibridación con la central hidroeléctrica «Belesar-Grupo 3», y de una parte de su infraestructura de evacuación asociada, en los términos municipales de Carballedo y Chantada, en la provincia de Lugo, promovido por la mercantil «Naturgy Generación, S.L.U.».

Habiéndose detectado errores en la descarga de la documentación del Estudio de Impacto Ambiental (EsIA) a través del enlace habilitado al efecto en el apartado 6.2.1, en virtud de lo dispuesto en el art. 109.2 de la Ley Procedimiento Administrativo Común de las Administraciones Públicas, que establece que las Administraciones Públicas podrán rectificar de oficio o a instancia de los interesados, los errores materiales, de hecho o aritméticos existentes en sus actos, se procede a su subsanación.

Por lo anterior, se considera oportuno rectificar el referido anuncio en el sentido siguiente:

1.- Corrección de errores núm. 1: Página 59788

En el apartado 6.2.1, donde dice:

« ... podrá ser consultado a través del siguiente enlace:

https://almacen.redsara.es/sending/public/c8ddd4ec-d102-484a-8757-096489f2ff3f

»

Debe decir:

« ... podrá ser consultado a través del siguiente enlace:

https://almacen.redsara.es/sending/public/ea2b253f-c527-4e51-857b-24ecd15b4e2e

»

La presente corrección de errores da inicio a un nuevo plazo de treinta (30) días hábiles para la presentación de alegaciones, contados a partir del siguiente al de la última publicación del presente anuncio de corrección de errores al Anuncio de 19 de octubre de 2026.

Se mantienen inalterados el resto de información y términos del anuncio.

A Coruña, 18 de noviembre de 2026.- El director del Área de Industria y Energía, Francisco J. Filgueira Rodríguez.

R. 3187

Anuncio publicado en: Num BOP 270 año 2026 (24/11/2026 08:00:00)

CONCELLOS

ALFOZ DO CASTRODOURO

Anuncio

CORRECCIÓN DE ERROS

Advertido un erro no Boletín Oficial da Provincia do día 14 de novembro de 2026, polo que se aproban os padróns de taxa polo abastecemento de auga, no que se inclúe o canon de auga, taxa de vertedura e o padrón da taxa por recollida de lixo correspondente ao terceiro trimestre de 2025:

Onde di:

"Fíxase un período de cobro en voluntaria dende o 16 de novembro de 2026 ata o 16 de xaneiro de 2027, ámbolos dous inclusive"

Debe dicir:

"Fíxase un período de cobro en voluntaria dende o 7 de decembro de 2026 ata o 8 de febreiro de 2027, ámbolos dous inclusive"

Alfoz do Castrodouro, 18 de novembro de 2026.- A alcaldesa, Efigenia Maseda Paz.

R. 3188

BURELA

Anuncio

De conformidade co disposto no artigo 23.4 da Lei 7/1985 de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, no artigo 61.3 da Lei 5/97, de 22 de xullo de Administración Local de Galicia, artigos 43 e 44 do Real Decreto 2.568/86, de 28 de novembro polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, e co previsto nos artigos 58.1 da Lei 20/2011, de 21 de xullo, de Rexistro Civil e 51 do Código Civil, publícase que pola Alcaldía do Concello de Burela en data 17 de novembro de 2026 adoptou Decreto que di:

PRIMEIRO.- Delegar no Primeiro Tenente de Alcaldesa desta Corporación Mario Pillado Mon a competencia para a autorización do matrimonio civil entre Yosselyn Milagros Espinoza Ramirez e Ariel Stiwar Reyes Fuentes, que se celebrará o 24 de novembro de 2026, ás 13:00 horas, no Salón de Plenos do Concello de Burela.

SEGUNDO: Dar traslado da presente Resolución ao Pleno Corporativo na primeira sesión ordinaria que celebre.

Burela, 18 de novembro de 2026.- A alcaldesa, María del Carmen López Moreno.

R. 3189

CERVO

Anuncio

DECRETO

María Dolores García Caramés, alcaldesa do Concello de Cervo (Lugo), en virtude das atribucións que me confiren os artigos 21 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime local e 61 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, da Administración Local de Galicia.

Visto o Decreto da Alcaldía núm. 2026-0749, de data 19 de agosto de 2026, polo que se aproban as bases e a convocatoria para a provisión en propiedade dunha praza de Xefe/a de Obras (persoal laboral fixo, subgrupo C2), mediante o sistema de concurso – oposición por quenda de promoción interna.

Visto que no BOP de Lugo núm. 194, do mércores 26 de agosto de 2026, publicouse o anuncio polo que se aproban as bases e a convocatoria para a provisión en propiedade dunha praza de Xefe/a de Obras (persoal laboral fixo, subgrupo C2), mediante o sistema de concurso – oposición por quenda de promoción interna, no que se establecía un prazo de presentación de solicitudes de vinte (20) días hábiles, a contar dende o día seguinte á publicación do anuncio da convocatoria no Boletín Oficial do Estado (BOE).

Visto o Decreto da Alcaldía núm. 2026-0888, polo que se rectifica o erro material detectado na Base 4.2 das bases reguladoras do proceso selectivo para a provisión dunha praza de Xefe/a de Obras (EXP. 1527/2026), a cal queda redactada nos seguintes termos: *"4.2. O prazo de presentación de solicitudes será de VINTE (20) DÍAS HÁBILES, contados a partir do día seguinte ao da publicación do anuncio da convocatoria no Diario Oficial de Galicia (DOGA)".*

Anuncio publicado en: Num BOP 270 año 2026 (24/11/2026 08:00:00)

Visto que no BOP de Lugo núm. 212, do mércores 16 de setembro de 2026, publicouse o anuncio coa rectificación de erro material na base 4.2 das bases reguladoras do proceso selectivo para a provisión dunha praza de Xefe/a de Obras , subgrupo C2, mediante o sistema de concurso – oposición por quenda de promoción interna.

Visto que na base terceira das citadas bases se recollen os requisitos xerais de acceso e os requisitos específicos de promoción interna que teñen que reunir as persoas aspirantes para seren admitidas á realización do proceso selectivo e atendendo ao prazo de presentación de instancias en tempo e forma.

Visto o informe emitido polo encargado da Oficina de Información e Rexistro do Concello de Cervo no que fai constar: "Que analizado o rexistro xeral de documentos sobre o anuncio da convocatoria para a provisión dunha praza de Xefe de Obras, os interesados/as que presentaron solicitude durante o prazo establecido (do 21 de Setembro de 2026 ao 19 de Outubro de 2026), salvo erro ou omisión, son os/as seguintes:

INTERESADO/A	Nº REXISTRO DE ENTRADA	DATA DE ENTRADA
GUADALUPE IGLESIAS FERNANDEZ	2026-E-RE-1054	12-09-2026 FORA DE PRAZO
LUIS PALEO PEDREIRA	2026-E-RC-3238	30-09-2026
MARCO PALEO PALEO	2026-E-RC-3448	15-10-2026

(…)"

No uso das competencias que a lexislación en materia de réxime local me atribúe, **RESOLVO:**

PRIMEIRO.- Aprobar a relación provisional de persoas admitidas e excluídas ao proceso citado.

a) PERSOAS ASPIRANTES ADMITIDAS:

APELIDOS E NOME	DNI	ACREDITACIÓN GALEGO
PALEO PALEO MARCO	**5942***	SI
PALEO PEDREIRA LUIS	**5920***	SI

b) PERSOAS ASPIRANTES EXCLUÍDAS:

APELIDOS E NOME	DNI	MOTIVO EXCLUSIÓN
IGLESIAS FERNÁNDEZ GUADALUPE	**9953***	(1)

(1) Presenta a solicitude fóra do prazo establecido, tal e como se recolle na base cuarta das bases que rexen este proceso de selección publicadas no BOP de Lugo Nº 194, do mércores día 26 de agosto de 2026 e no anuncio coa rectificación de erro material na base 4.2 das bases reguladoras do proceso selectivo para a provisión dunha praza de Xefe/a de Obras , subgrupo C2, mediante o sistema de concurso – oposición por quenda de promoción interna, publicado no BOP núm. 212, do mércores 16 de setembro de 2026.

SEGUNDO.- De conformidade co artigo 68 da LPAC, as persoas aspirantes excluídas ou que non figurasen na lista provisional disporán dun prazo de dez (10) días hábiles, contados dende o día seguinte ao da publicación, para emendar os defectos que motivasen a súa exclusión.

Transcorrido o prazo de emenda de defectos e reclamacións, a Alcaldía ditará unha nova Resolución aprobando a lista definitiva de persoas aspirantes admitidas e excluídas ao proceso selectivo. Esta resolución publicarase integramente no Boletín Oficial da Provincia de Lugo e no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello.

TERCEIRO.- Publicar a presente resolución no BOP de Lugo, no taboleiro de anuncios físico e no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello de Cervo.

Cervo, 19 de novembro de 2026.- A alcaldesa, María Dolores García Caramés. A secretaria accidental, María Eugenia Piñeiro Díaz.

R. 3193

A FONSAGRADA

Anuncio

Aprobado por acordo da Xunta de Goberno Local de data 12.11.2026, o Padrón de contribuíntes do prezo público do Servizo de Axuda no Fogar, na modalidade de libre concorrencia ou prestación básica e de dependencia, correspondente ao mes de outubro de 2026, polo importe total de 11.866,98€ (dependencia) e 502,32€ (prestación básica).

Anuncio publicado en: Num BOP 270 año 2026 (24/11/2026 08:00:00)

Por medio do presente exponse ao público o devandito padrón polo prazo de quince días hábiles, que empezará a contarse dende o día seguinte ao da publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia, para que poidan formularse as reclamacións que se consideren pertinentes, tanto en vía administrativa (artigos 123 e 124 da LPAC), coma na vía contenciosa (artigos 19, 25 e 46 da LJCA).

O que se fai público para xeral coñecemento e aos efectos de que sirva de notificación colectiva de conformidade co establecido na Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria.

A Fonsagrada, 17 de novembro de 2026.- O alcalde, Carlos López López.

R. 3190

Anuncio

Expediente: 981/2026

Aprobación do texto regulador do prezo público para o Centro Cultural Forges

Por acordo ditado polo órgano de alcaldía con número 2026-0679 o día 12 de novembro do 2026, acordouse o establecemento e fixación do prezo público por prestación do servizo de acceso ao Centro Cultural Forges, o que se fai público a efectos do seu xeral coñecemento e de conformidade co disposto no artigo 45 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

O texto íntegro do prezo público pode ser consultado no portal de transparencia da sede electrónica da Corporación municipal, no apartado de normativa/prezos públicos.

A Fonsagrada, 16 de novembro de 2026.- O alcalde, Carlos López López.

R. 3191

GUITIRIZ

Anuncio

Aprobación inicial da modificación da RPT 2026 (14ª modificación). Expte. 1487/2026.

Por acordo plenario de data 12/11/2026 aprobouse inicialmente o expediente de modificación puntual da Relación de Postos de Traballo (RPT) vixente do Concello de Guitiriz de acordo co proxecto de modificación puntual da RPT en relación as fichas nº 12, nº 31, nº 26 e nº 27.

O que se publica concedendo un trámite de audiencia aos interesados mediante a publicación dun anuncio de exposición pública do expediente no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, para que durante o prazo de 20 días calquera interesado no expediente poida presentar suxestións ou alegacións. Finalizado o trámite de audiencia aos interesados e á vista das suxestións ou alegacións presentadas corresponderá ao Pleno a aprobación definitiva do expediente coas modificacións oportunas.

De conformidade co establecido no artigo 202 da Lei de emprego público de Galicia a aprobación inicial da modificación da RPT elevarase a definitiva se durante o prazo de información pública non se formularan reclamacións, suxestións ou alegacións.

Guitiriz, 17 de novembro de 2026.- A alcaldesa, Marisol Morandeira Morandeira.

R. 3192

Anuncio

Resolución de alcaldía 2026-1210 de data 19.11.2026 pola que se acorda resolver o proceso selectivo de 1 auxiliar de xeriatría (Centro de Día), persoal laboral fixo (OEP 2025, ficha 31, códigos 81). Exp. 554/2025.

"DECRETO RESOLUCIÓN PROCESO SELECTIVO DE 1 AUXILIAR DE XERIATRÍA (CENTRO DE DÍA), SUBGRUPO C2, ACCESO LIBRE MEDIANTE O SISTEMA DE OPOSICIÓN, COMO PERSOAL LABORAL FIXO (OEP DE 2025). Expte. 554/2025.

Dona María Sol Morandeira Morandeira, alcaldesa do Concello de Guitiriz, en uso das súas atribucións legalmente conferidas.

Vistos os seguintes antecedentes que constan no expediente:

- Acordo de Xunta de Goberno Local de data 18/06/2025 de aprobación das bases reguladoras e convocatoria para o proceso de selección de 1 auxiliar de xeriatría (Centro de Día), subgrupo C2, como persoal laboral fixo mediante oposición libre (OEP 2025).

Anuncio publicado en: Num BOP 270 año 2026 (24/11/2026 08:00:00)

- BOP de Lugo nº 151 do 3 de xullo de 2025, no que foron publicadas íntegramente as bases da convocatoria. En datas 05/09/2025 e 13/09/2025 publicáronse anuncios da convocatoria no DOG e BOE respectivamente.
- Decreto de alcaldía 2025-1105 de data 11/12/2025 polo que se aproba a lista provisional de admitidos/as e excluídos/as. Devandita lista foi publicada no taboleiro de anuncios, páxina web e sede electrónica do Concello de Guitiriz.
- Decreto de alcaldía 2026-0931 de data 16/09/2026 aprobando a lista definitiva de admitidos/as e excluídos/as no expediente de selección de referencia, nomeando os membros do tribunal e data de constitución do mesmo. Publícase no BOP de Lugo nº 215 de data 19/09/2026.
- Actas nº1, nº2, nº3 e nº4 cos correspondentes anuncios do tribunal con proposta de resolución na acta nº4 do tribunal, de data 04/11/2026, asinada o 12/11/2026, á Sra. Alcaldesa para que proceda á resolución do expediente de selección de persoal e á contratación como persoal laboral fixo de:

SELECCIÓN 1 AUXILIAR DE XERIATRÍA (CENTRO DE DÍA), PERSOAL LABORAL FIXO						
APELIDOS	**NOME**	**DNI ANONIMIZADO**	**1ª PROBA (TIPO TEST)**	**2ª PROBA (TIPO TEST PRÁCTICO)**	**COÑECEMENTO GALEGO (CELGA 3 ESIXIDO)**	**TOTAL PUNTUACIÓN**
PAZ ESPIÑEIRA	**LARA**	***5127**	38,67	35,01	ACREDITADO CELGA 3	**73,68**

Considerando o disposto no Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, aprobado por RDL 5/2015, de 30 de outubro; a Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o Real decreto lexislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o Texto refundido de disposicións vixentes en materia de réxime local; a Lei 2/2015, do 29 de abril, de Emprego Público de Galicia, e demais normativa concordante.

Considerando o establecido nos artigos 21.1 h), da Lei 7/1985, de 2 de abril de Bases do Réxime Local, e 61.1h) da Lei 5/1997 de Administración Local de Galicia, que atribúen á Alcaldía a xefatura superior de todo o persoal.

RESOLVO:

PRIMEIRO.- Resolver o proceso de selección de 1 auxiliar de xeriatría (Centro de Día) como persoal laboral fixo mediante oposición libre de acordo coa proposta do Tribunal Cualificador en acta de data 04/11/2026:

Nome e Apelidos	DNI ANONIMIZADO
Paz Espiñeira, Lara	***5127**

SEGUNDO.- Outorgar, tendo en conta a base 9.1, un **prazo de 20 días naturais**, contados dende o día seguinte a aquel no que se faga pública a presente resolución de alcaldía, para que a aspirante seleccionada presente na secretaría do Concello de Guitiriz os seguintes documentos, agás os que xa obren no expediente:

a) Copia autenticada, ou fotocopia que deberá presentarse co orixinal para a súa compulsa, do D.N.I.

b) Copia autenticada, ou fotocopia que deberá presentarse acompañada do orixinal para a súa compulsa, do título esixido na convocatoria.

c) Curso/carne de manipulador de alimentos.

d) Certificación médica acreditativa de non padecer enfermidade nin estar afectado por limitación física ou psíquica que sexa incompatible co desempeño das funcións do posto de traballo.

e) Fotocopia da tarxeta da Seguridade Social.

f) Número de conta bancaria co código IBAN (24 caracteres) da que sexa titular a persoa seleccionada para o ingreso das correspondentes nóminas.

g) Declaración formal, baixo xuramento ou promesa, de non haber sido separado mediante expediente disciplinario, do servizo ás Administracións Públicas, nin atoparse inhabilitado para o exercicio de funcións públicas.

h) Declaración formal, baixo xuramento ou promesa, de non atoparse incurso en ningunha causa de incapacidade e incompatibilidade de conformidade coa lexislación vixente.

Quen dentro do prazo sinalado, agás nos casos de forza maior, non presentase a documentación esixida, non poderá ser contratado/a, sen prexuízo da responsabilidade en que houbese podido incorrer por falsidade da solicitude de participación.

Quen tivese a condición de empregado público estará exento/a de xustificar as condicións e requisitos xa acreditados para obter o seu anterior nomeamento, debendo presentar unicamente certificación do Ministerio ou Organismo do que dependan acreditando a súa condición e demais circunstancias que consten no seu expediente persoal.

Anuncio publicado en: Num BOP 270 año 2026 (24/11/2026 08:00:00)

Presentada a documentación pola persoa seleccionada, e sendo a mesma conforme, a Sra. Alcaldesa procederá á designación do aspirante seleccionado á formalización do correspondente contrato como laboral fixo.

O réxime de contratación laboral será o previsto no artigo 15 do Estatuto dos Traballadores en materia de contratos de duración fixa. Ó contrato debe engadirse as demais condicións establecidas con carácter preceptivo no ordenamento xurídico aplicable.

Mentras non se formalice o contrato e non se incorpore ó posto de traballo, o aspirante non terá dereito á percepción económica de ningunha clase.

Quen sen causa xustificada non concorrese a formalizar o contrato na data sinalada, perderá todos os dereitos derivados da superación das probas selectivas.

TERCEIRO.- Notificar a presente resolución ás persoas interesadas, comunicala aos servizos municipais afectados aos efectos oportunos, e publicala no BOP da provincia de Lugo, no taboleiro de anuncios, na páxina web municipal e na sede electrónica."

Guitiriz, 19 de novembro de 2026.- A alcaldesa, Marisol Morandeira Morandeira.

R. 3194

Anuncio

Resolución de alcaldía 2026-1215 de data 19.11.2026 pola que se acorda resolver o proceso selectivo de 1 técnico/a de servizos socias, traballador/a social de SAF, persoal laboral fixo (OEP 2022, ficha 28, códigos 75). Exp. 272/2025.

"DECRETO RESOLUCIÓN PROCESO SELECTIVO DE 1 TÉCNICO/A DE SERVIZOS SOCIAIS, TRABALLADOR/A SOCIAL DE SAF (SUBGRUPO A2), DA ESCALA DE ADMINISTRACIÓN ESPECIAL, SUBESCALA TÉCNICA, CLASE TÉCNICOS MEDIOS COMO PERSOAL LABORAL FIXO MEDIANTE OPOSICIÓN LIBRE (OEP DE 2022). Expte. 272/2025.

Dona María Sol Morandeira Morandeira, alcaldesa do Concello de Guitiriz, en uso das súas atribucións legalmente conferidas.

Vistos os seguintes antecedentes que constan no expediente:

- Acordo de Xunta de Goberno Local de data 14/05/2025 de aprobación das bases reguladoras e convocatoria para o proceso de selección de 1 técnico/a de servizos sociais, traballador/a social de SAF (subgrupo A2), como persoal laboral fixo mediante oposición libre (OEP 2022).
- BOP de Lugo nº 112 do 19 de maio de 2025, no que foron publicadas íntegramente as bases da convocatoria. En datas 03/07/2025 e 05/08/2025 publicáronse anuncios da convocatoria no DOG e BOE respectivamente.
- Decreto de alcaldía 2025-0757 de data 18/09/2025 polo que se aproba a lista provisional de admitidos/as e excluídos/as. Devandita lista foi publicada no taboleiro de anuncios, páxina web e sede electrónica do Concello de Guitiriz.
- Decreto de alcaldía 2026-0933 de data 16/09/2026 aprobando a lista definitiva de admitidos/as e excluídos/as no expediente de selección de referencia, nomeando os membros do tribunal e data de constitución do mesmo. Publícase no BOP de Lugo nº 215 de data 19/09/2026.
- Actas nº1, nº2, nº3 e nº4 cos correspondentes anuncios do tribunal con proposta de resolución na acta nº4 do tribunal, de data 04/11/2026, á Sra. Alcaldesa para que proceda á resolución do expediente de selección de persoal e á contratación como persoal laboral fixo de:

SELECCIÓN 1 TÉCNICO/A DE SERVIZOS SOCIAIS, TRABALLADOR/A SOCIAL DE SAF, PERSOAL LABORAL FIXO						
APELIDOS	**NOME**	**DNI ANONIMIZADO**	**1ª PROBA (TIPO TEST)**	**2ª PROBA (SUPOSTO PRÁCTICO)**	**COÑECEMENTO GALEGO (CELGA 4 ESIXIDO)**	**TOTAL PUNTUACIÓN**
VÁZQUEZ BARREIRO	**VIOLETA**	***4899**	83,01	46	ACREDITADO CELGA 4	**129,01**

Considerando o disposto no Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, aprobado por RDL 5/2015, de 30 de outubro; a Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o Real decreto lexislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o Texto refundido de disposicións vixentes en materia de réxime local; a Lei 2/2015, do 29 de abril, de Emprego Público de Galicia, e demais normativa concordante.

Considerando o establecido nos artigos 21.1 h), da Lei 7/1985, de 2 de abril de Bases do Réxime Local, e 61.1h) da Lei 5/1997 de Administración Local de Galicia, que atribúen á Alcaldía a xefatura superior de todo o persoal.

Anuncio publicado en: Num BOP 270 año 2026 (24/11/2026 08:00:00)

RESOLVO:

PRIMEIRO.- Resolver o proceso de selección de 1 técnico/a de servizos sociais, traballador/a social de SAF (subgrupo A2) da Escala de Administración Especial, subescala Técnica, clase técnicos medios como persoal laboral fixo mediante oposición libre de acordo coa proposta do Tribunal Cualificador de data 04/11/2026:

Nome e Apelidos	DNI ANONIMIZADO
Vázquez Barreiro, Violeta	***4899**

SEGUNDO.- Outorgar, tendo en conta a base 9.1, un **prazo de 20 días naturais**, contados dende o día seguinte a aquel no que se faga pública a presente resolución de alcaldía, para que a aspirante seleccionada presente na secretaría do Concello de Guitiriz os seguintes documentos, agás os que xa obren no expediente:

a) Copia autenticada, ou fotocopia que deberá presentarse co orixinal para a súa compulsa, do D.N.I.

b) Copia autenticada, ou fotocopia que deberá presentarse acompañada do orixinal para a súa compulsa, do título esixido na convocatoria.

c) Certificación médica acreditativa de non padecer enfermidade nin estar afectado por limitación física ou psíquica que sexa incompatible co desempeño das funcións do posto de traballo.

d) Declaración formal, baixo xuramento ou promesa, de non haber sido separado mediante expediente disciplinario, do servizo ás Administracións Públicas, nin atoparse inhabilitado para o exercicio de funcións públicas.

e) Declaración formal, baixo xuramento ou promesa, de non atoparse incurso en ningunha causa de incapacidade e incompatibilidade de conformidade coa lexislación vixente.

Quen dentro do prazo sinalado, agás nos casos de forza maior, non presentase a documentación esixida, non poderá ser contratado/a, sen prexuízo da responsabilidade en que houbese podido incorrer por falsidade da solicitude de participación.

Quen tivese a condición de empregado público estará exento/a de xustificar as condicións e requisitos xa acreditados para obter o seu anterior nomeamento, debendo presentar unicamente certificación do Ministerio ou Organismo do que dependan acreditando a súa condición e demais circunstancias que consten no seu expediente persoal.

Cumprimentado o anterior procederase á sinatura do contrato laboral fixo polo/a aspirante aprobado/a.

O réxime de contratación laboral será o previsto no artigo 15 do Estatuto dos Traballadores en materia de contratos de duración fixa. Ó contrato debe engadirse as demais condicións establecidas con carácter preceptivo no ordenamento xurídico aplicable.

TERCEIRO.- Notificar a presente resolución ás persoas interesadas, comunicala aos servizos municipais afectados aos efectos oportunos, e publicala no BOP da provincia de Lugo, no taboleiro de anuncios, na páxina web municipal e na sede electrónica."

Guitiriz, 19 de novembro de 2026.- A alcaldesa, Marisol Morandeira Morandeira.

R. 3195

A POBRA DO BROLLÓN

Anuncio

Expediente núm.: 714/2026

Resolución con número e data establecidos á marxe

Procedemento: Delegacións e Avocaciones de Competencias

Data de iniciación: 19/11/2026

RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

Visto que con data 04 de xullo de 2023 mediante Resolución núm. 0128-2023, esta Alcaldía delegou na Xunta de Goberno Local, o exercicio das atribucións da Alcaldía delegables, excepto a competencia directa en persoal, economía, promoción económica urbanismo e servizos sociais benestar.

Visto que dita delegación comprende as facultades de dirección e de xestión, así como a de resolver os procedementos administrativos oportunos mediante a adopción de actos administrativos que afecten a terceiros.

Atendendo á urxencia para poder continuar coa tramitación de expedientes municipais é conveniente avocar o exercicio das competencias atribuídos á Xunta de Goberno Local pola baixa do secretario-interventor titular da

Anuncio publicado en: Num BOP 270 año 2026 (24/11/2026 08:00:00)

praza, competente para asisitir ás sesións dos órganos colexiados, ao non ter a secretaria nomeada accidentalmente esa potestade.

Por todo iso, en virtude do disposto nos artigos 10 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, 21.3 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, e de acordo cos artigos 43, 44, 45, 114 a 118, 120 e 121 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, aprobado por Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, emítese a seguinte

RESOLUCIÓN

PRIMEIRO. Avocar as competencias asumidas pola Xunta de Goberno Local, en virtude do disposto na Resolución desta Alcaldía de delegación de competencias de data 04 de xullo de 2023, de conformidade co disposto nos artigos 10 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público e 116 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, aprobado por Real Decreto 2.868/1986, de 28 de novembro.

SEGUNDO. Asumir as competencias atribuídas á Xunta de Goberno Local dende o día 19 de novembro de 2026 ata o día 08 de decembro de 2026, por esta Alcaldía-Presidencia.

TERCEIRO. Publicar a presente Resolución no *Boletín Oficial da Provincia,* sen prexuízo de que forneza efectos desde o mesmo día da súa firma, de conformidade co disposto no artigo 44.2 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.

CUARTO. Notificar a presente Resolución ás persoas interesadas no procedemento de conformidade co establecido no artigo 10 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

QUINTO. Dar conta da presente Resolución ao Pleno do Concello a efectos de que quede decatado do seu contido, de conformidade co establecido no artigo 44.4 en relación co 38 d) do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.

A Pobra do Brollón, 19 de novembro de 2026.- O alcalde, José Luis Maceda Vilariño.

R. 3196

RIBADEO

Anuncio

APROBACIÓN INICIAL.

Modificación orzamentaria 88/2026, SUPLEMENTO DE CREDITO FINANCIADO CON RTGX

O Pleno do Concello de Ribadeo, en sesión que se levou a cabo o día 17/11/2026 acordou a aprobación inicial do expediente de modificación de créditos núm. 882026 do Orzamento en vigor, na modalidade de SUPLEMENTO de crédito 5/2026, financiado co Remanente de Tesoreria para gastos xerais, por importe de **126.377,51€**

En cumprimento do disposto no artigo 169.1, por remisión do 179.4, do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real decreto 2/2004, do 5 de marzo, sométese o expediente á exposición pública **durante o prazo de quince días**, contados desde o día seguinte ao da publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, para que os interesados poidan examinar o expediente e presentar as reclamacións que consideren oportunas.

Se unha vez transcorrido ese prazo non se presentan alegacións, considerarase aprobado definitivamente o dito acordo.

Ribadeo, 19 de novembro de 2026.- O alcalde, Daniel Vega Pérez.

R. 3197

Anuncio

APROBACIÓN INICIAL.

Modificación orzamentaria 91/2026, CREDITO EXTRAORDINARIO

O Pleno do Concello de Ribadeo, en sesión que se levou a cabo o día 17/11/2026 acordou a aprobación inicial do expediente de modificación de créditos núm. 91/2026 do Orzamento en vigor, na modalidade de CREDITO EXTRAORDINARIO 1/2026, financiado co Préstamo do ano 2024, por importe de 16.698,00**€**

En cumprimento do disposto no artigo 169.1, por remisión do 179.4, do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real decreto 2/2004, do 5 de marzo, sométese o expediente á exposición pública **durante o prazo de quince días**, contados desde o día seguinte ao da publicación deste anuncio no Boletín Oficial

Anuncio publicado en: Num BOP 270 año 2026 (24/11/2026 08:00:00)

da Provincia de Lugo, para que os interesados poidan examinar o expediente e presentar as reclamacións que consideren oportunas.

Se unha vez transcorrido ese prazo non se presentan alegacións, considerarase aprobado definitivamente o dito acordo.

Ribadeo, 19 de novembro de 2026.- O alcalde, Daniel Vega Pérez.

R 3198

VIVEIRO

Anuncio

CUALIFICACIÓN FINAL E PROPOSTA DE SELECCIÓN FORMULADA DO TRIBUNAL.

RESULTADO DAS PROBAS SELECTIVAS DO PROCESO SELECTIVO PARA A PROVISÓN EN PROPIEDADE DA PRAZA VACANTE CORRESPONDENTE AO POSTO DA RPT "ADMINISTRATIVO/A" OMIC (SX6.2/035) NA ESCALA ADMINISTRACIÓN XERAL, SUBESCALA ADMINISTRATIVA, SISTEMA DE OPOSICIÓN, ACCESO LIBRE.

Resultando que no Boletín Oficial da Provincia de Lugo do luns, 17 de febreiro de 2025 Núm. 039, publícase a convocatoria e bases reguladoras cos seus anexos aprobadas pola Alcaldía, en Viveiro o día 12 de febreiro de 2025, polas que se inicia o proceso selectivo para a provisión en propiedade da praza vacante correspondente ao posto da RPT "Administrativo/a" OMIC (SX6.2/035) na Escala Administración Xeral, Subescala Administrativa, sistema oposición, acceso libre.

Resultando que no Diario Oficial de Galicia do mércores, 26 de febreiro de 2025, DOG Núm. 39, publicase o anuncio da convocatoria para prover unha praza pola quenda de acceso libre (OEP 2023).

Resultando que no Boletín Oficial do Estado do martes, 25 de marzo de 2025, Núm. 72, para a provisión en propiedade da praza vacante correspondente ao posto da RPT "Administrativo/a" OMIC (SX6.2/035) na Escala Administración Xeral, Subescala Administrativa, sistema oposición, acceso libre, establecendo o prazo de presentación de solicitudes que será de 20 días hábiles a contar dende o seguinte ao da publicación.

Vistas as bases xerais, xunto coas bases específicas e anexo que regula o proceso selectivo para a provisión en propiedade da praza vacante correspondente ao posto da RPT "Administrativo/a" OMIC (SX6.2/035) funcionario de carreira na Escala Administración Xeral, Subescala Administrativa, sistema oposición, acceso libre.

Vista a publicación da Resolución de Alcaldía da lista definitiva de admitido/as e excluídos/as, o nomeamento do Tribunal e a citación do Tribunal para a súa constitución publicada no Boletín Oficial da Provincia de Lugo en data 22 de abril de 2026.

Vistos os resultados publicados ao respecto da realización do primeiro, segundo e terceiro exercicio.

Visto que Dna. Iria Fernandez Carreira presenta copia autentica do certificado de estar en posesión do Celga 4, antes do primeiro exercicio da fase de oposición deste proceso selectivo.

Tendo en conta que os aspirantes que superaron estas probas constan exentos do cuarto exercicio (proba de galego), por presentar debidamente o celga 4 requerido nas bases xerais.

Vista a base xeral 11, que sinala: *"(...)**11.- CUALIFICACIÓN FINAL.***

A cualificación final das probas virá determinada pola suma das puntuacións obtidas na fase de oposición, establecendo para estes efectos a orde definitiva de aspirantes seleccionados/as.

No suposto de empate nas puntuacións finais de dous/dúas ou máis aspirantes do proceso selectivo, este resolverase acudindo a nota máis alta no primeiro exercicicio da fase de oposición.

De manterse o empate, acudirse á maior puntuación no segundo exercicio.

De seguir manténdose o empate, acudirase á maior puntuación no terceiro exercicio.

Se aínda se mantivese o empate, procederase ao desempate mediante sorteo realizado polo Tribunal cuxa realización será comunicada ás persoas aspirantes empatados ao obxecto de que poidan acudir á súa celebración..."

Vista a base xeral 12, que sinala: *"(...)A persoa que ostente a Presidencia do Tribunal, á vista da lista de persoas aspirantes seleccionadas, formulará proposta de selección ante a Alcaldía, sen que esta poida superar o número de prazas convocadas. Dita proposta publicarase no taboleiro de anuncios do Concello, na páxina web municipal www.viveiro.es e no taboleiro de anuncios dixital na sede electrónica. A Alcaldía elaborará resolución declarando a relación definitiva de persoas aspirantes aprobadas, na que constará o/a aspirante seleccionado/a, que será publicada no Boletín Oficial da Provincia. Esta relación definitiva de persoas aprobadas conterá tamén a orde de persoas aspirantes non seleccionadas que superaron o proceso selectivo e non resultaron seleccionadas, co fin de poder tomarse en consideración para o suposto de que o/a seleccionado/a non presente ou acredite no prazo establecido de conformidade co disposto na base 14 a documentación previa ao nomeamento, renuncie á praza*

Anuncio publicado en: Num BOP 270 año 2026 (24/11/2026 08:00:00)

ou non tome posesión no prazo establecido; podendo neste caso formular proposta ao respecto do seguinte aspirante que conste por orde de puntuación e así sucesivamente. ***Non se conformará lista de emprego ao contar xa o Concello con lista de emprego para prazas de administrativo/a derivada dos recentes procesos de estabilización tramitados conforme á Lei 20/2021…"***

O resultado das probas selectivas para o ingreso como persoal funcionario de carreira como administrativo/a (SX6.2/035 da RPT) polo sistema de oposición, acceso libre, das aspirantes que superaron cada unha das probas foi o seguinte, segundo consta nas publicacións realizadas:

1. CUALIFICACIÓN PRIMEIRO EXERCICIO (Base 10)

O Tribunal acordou, conceder, por unanimidade, as seguintes puntuacións sobre un máximo de 10 puntos, sendo os/as aspirantes que superaron o primeiro exercicio os/as seguintes:

N.º DE CONTROL	PREGUNTAS BEN CONTESTADAS	PREGUNTAS MAL CONTESTADAS	PREGUNTAS EN BRANCO	PUNTUACIÓN
001	13	37	0	**0**
002	40	3	7	**7,7**
005	27	14	9	**4**
006	37	8	4	**6,6**
010	29	12	9	**4,6**
034	36	13	1	**5,9**
035	32	15	3	**4,9**
036	30	15	4	**4,5**
038	12	27	11	**0**
039	33	11	6	**5,5**
049	41	9	0	**7,3**
050	38	8	4	**6,8**
051	28	18	4	**3,8**
054	33	16	1	**5**
055	16	17	17	**1,5**
059	40	5	5	**7,5**
060	47	1	2	**9,3**
061	21	16	13	**2,6**
062	33	10	7	**5,6**
063	16	34	0	**0**
064	44	4	2	**8,4**

Anuncio publicado en: Num BOP 270 año 2026 (24/11/2026 08:00:00)

065	30	20	0	**4**
066	16	33	1	**0**
072	27	3	20	**5,1**
079	36	13	1	**5,9**
081	13	36	1	**0**

